



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP PLURILINGÜE "RIBADAVIA"

Rúa do Carballiño, s/n. 32400 RIBADAVIA (Ourense)

Tf: 988 470 239 - Fax: 988 477 242

[ceip.ribadavia@edu.xunta.es](mailto:ceip.ribadavia@edu.xunta.es) - <http://centros.edu.xunta.gal/centros/ceipribadavia>

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RIBADAVIA**

**CURSO: 6º**

**MATERIA: L. GALEGA, L CASTELÁ MATEMÁTICAS, C.SOCIAIS,  
C.NATURAIS E VALORES CÍVICOS E SOCIAIS.**

**DEPARTAMENTO:**

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

1.- Os estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para este 3º trimestre son os que figuran na programación correspondente ao curso 2019-2020, agás os seguintes:

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
	<b>AREAS DE LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA</b>
	1.- Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.
	2.- Usa diversos conectores básicos entre oracións.
	3.- Conxuga y usa con corrección todos los tiempos simples y compuestos en las formas personales y no personales del modo indicativo y subjuntivo de todos los verbos.
	<b>ÁREA DE MATEMÁTICAS</b>
	1.- Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.
	2.- Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.
	3.- Calcula aumentos e diminucións porcentuais.
	4.- Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa.
	5.- Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.
	6.- Calcula tantos por cento en situacións reais.
	7.- Identifica as unidades de volume do Sistema Métrico Decimal para a súa aplicación na resolución de problemas.
	8.- Realiza operacións con medidas de volume dando o resultado na unidade de-

	terminada de antemán.
	9.- Transforma medidas e expresa en forma complexa e incomplexa a medición dun volume.
	10.- Realiza transformacións entre as medidas de volume e as de capacidade establecendo as súas equivalencias.
	11.- Realiza estimacións de volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis adecuados para medir explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.
	12.- Compara volumes de corpos no espazo establecendo a relación entre as diferentes unidades empregadas.
	13.- Expresa en forma complexa unha unidade incomplexa de capacidade e lonxitude, e viceversa.
	14.- Identifica situacións nas que foi necesario medir lonxitudes, volumes e capacidade.
	15.- Calcula operacións de sumas, restas e multiplicacións de cantidades de tempo.
	16.-Realiza operacións con medidas de ángulos.
	17.-Resolve problemas da vida cotiá nos que sexa necesario usar o sistema sesaxesimal.
	18.- Calcula a área dun triángulo aplicando fórmulaa.
	19.-Realiza escalas e gráficas sinxelas, para facer representacións elementais no espazo.
	20.- Coñece os catro paralelogramos: cadrado, rectángulo, rombo e romboide.
	21.-Observa, manipula, recoñece, identifica, describe e debuxa, os triángulos e paralelogramos.

	22.-Utiliza instrumentos de debuxo e medios tecnolóxicos para a construción e exploración de formas xeométricos.
	23.-Calcula perímetro e área dos polígonos regulares.
	24.- Clasifica os triángulos e paralelogramos.
	25.-Calcula a lonxitude da circunferencia.
	26.- Resolve problemas xeométricos, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de contraexemplos), creando conxecturas, construíndo, argumentando, e tomando decisións, valorando as consecuencias das mesmas e a conveniencia da súa utilización.
	27.-Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas xeométricos: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto, propoñendo outras formas de resolvelo.
	28.-Utiliza a terminoloxía propia dos contidos xeométricos traballados, para comprender e emitir información e na resolución de problemas.
	29.- Coñece as tres condicións que fan que un poliedro sexa regular.
	30.-Iníciase de forma intuitiva no cálculo da probabilidade dun suceso aleatorio en situacións realizadas por este.
	31.-Realiza conxecturas e estimacións sobre algúns xogos (moedas, dados, cartas, lotaría....)
	32.-Interpreta e utiliza diagrama de sectores para resolver problemas.
	33.- Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos de estatística e probabilidade.
	34.-Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as opera-

	cións utilizadas, comprobando e interpretando as solucións no contexto, proponendo outras formas de resolvelo.
	<b>ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS</b>
	1.- Elabora un eixe cronolóxico cos reinados e coas etapas políticas de España no século XIX.
	2.-Describe as grandes etapas políticas da historia de España desde 1808 ata 1902.
	3.-Explica a guerra da Independencia e as súas consecuencias. Analiza a Constitución de Cádiz.
	4.-Describe as principais diferenzas entre unha monarquía absoluta e unha monarquía parlamentaria.
	5.-Identifica os principais grupos ou partidos políticos xurdidos ao longo do século XIX.
	6.-Define o carlismo e explica as súas ideas principais.
	7.-Explica as grandes transformacións sociais e económicas de España no século XIX.
	8.-Analiza o proceso de industrialización de España e as súas diferenzas respecto aos países máis avanzados de Europa.
	9.-Relaciona as dificultades do transporte e do comercio interior cos condicionamentos xeográficos explicando a importancia da rede de ferrocarrís.
	10.-Describe os distintos grupos que formaban a sociedade de clases.

	Explica as características principais da burguesía e a clase obreira no século XIX.
	11.-Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da España do século XIX e cita os seus representantes máis significativos.
	12.-Describe os principais feitos do reinado de Afonso XIII, incluída a ditadura de Primo de Rivera.
	13.-Explica as causas que levaron á proclamación da Segunda República, as súas reformas e os seus problemas.
	14.-Identifica as causas e consecuencias da Guerra Civil.
	15.-Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra.
	16.-Explica a evolución de España durante o franquismo.
	17.-Sitúa nunha liña do tempo os principais acontecementos históricos desde 1939 ata 1975.
	18.-Explica en que se diferencia unha ditadura dunha democracia.
	19.-Sitúa nunha liña do tempo os principais acontecementos históricos desde 1975 ata os nosos días.
	20.-Identifica, respecta e valora a Constitución de 1978 como base da nosa democracia
	21.-Recoñece a democracia como a forma de goberno que vela polos dereitos de todos os cidadáns e explica como se constitúe un goberno democrático.
	22.-Identifica e explica algúns artigos da Constitución española relativos aos de-

	reitos e aos deberes dos cidadáns.
	23.-Describe a organización actual do Estado español e a función das súas principais institucións.
	24.-Respecta os dereitos humanos e acepta o principio de igualdade, como base da democracia.
	25.-Respecta as diferenzas entre os sistemas de valores das distintas relixións ou grupos étnicos.
	26.-Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos e propón estratexias para resolver conflitos.
	27.-Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos.
	28.-Localiza nun mapa os seis países fundadores de Comunidade Económica Europea, precursora da actual Unión Europea.
	29.-Describe as características e funcións máis importantes das principais institucións da Unión Europea.
	30.-Localiza nun mapa as sedes das principais institucións europeas.
	31.-Explica as consecuencias que tivo para España a súa pertenza á Unión Europea, desde o seu ingreso en 1986.
	32.-Describe os principais problemas da España actual.
	33.-Menciona en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da España dos séculos xx e xxi, e cita aos seus representantes máis significativos



## ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS

1.-Coñece as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica.

2.-Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade.

3.-Expón exemplos de materiais condutores e illantes, argumentando a súa exposición.

4.-Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.

5.-Realiza pequenos experimentos para estudar a atracción e repulsión de cargas eléctricas. expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sustentable.

6.-Explica a importancia da explotación e o aproveitamento dos recursos de xeito sustentable e vincúlao á actividade económica

7.-Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.

8.-Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas.

9.-Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e aparatos, e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.

10.-Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas.

11.-Observa e identifica os elementos dun circuío eléctrico aplicándoos para construír un.

	12.-Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona a electricidade e o magnetismo.
	13.-Elabora un informe como técnica para o rexistro dun plan de traballo, comunicando de forma oral e escrita as conclusións.
	14.-Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.
	15.-Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.
	16.-Coñece e explica algúns dos avances da ciencia: no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no ocio, na arte, na música, no cine e no deporte, e nas tecnoloxías da información e da comunicación.
	17.-Efectúa buscas guiadas de información na rede.
	18.-Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na internet.
	19.-Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.
	<b>ÁREA DE VALORES CÍVICOS E SOCIAIS</b>
	Traballáronse todos os estándares de xeito xeneralizado.

## 1. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos: Mediante obsevación a través das plataformas dixitais comprobando a súa actitude ante esta nova forma de traballar, revisando os seu traballo individual recibido por correo electrónico e mediante entrevistas individuais por teléfono ou videoconferencia.
	Instrumentos: A través dos exercicios individuais e tamén observación da súa actitude cando traballamos en pequeno ou gran grupo por videoconferencia.
<b>Cualificación final</b>	A cualificación final será a media da primeira e segunda avaliación; esta nota poderá mellorarse en función das tarefas realizadas durante o confinamento. Todo o traballo será valorado tendo en conta as posibilidades de cada un dos alumnos, ata un máximo dun punto.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

## 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>As <b>actividades</b> de repaso que lle puxemos eran:</p> <p>Ejercicios dos libros de texto que fixeran referencia a materia dada.</p> <p>Traballo de investigación de personaxes que consideramos importantes relacionados cos temas xa explicados.</p> <p>Lecturas colectivas por videoconferencia.</p> <p>Ejercicios en páxinas web interactivas con autocorrector.</p> <p>Ejercicios para experimentar.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A <b>metodoloxía</b>: Valémonos de plataformas dixitais e do teléfono tanto para as explicación como para calquera tipo de comunicación. Todos os nosos alumnos dispoñen de telefono móbil e ordenadores con conexión a internet, inda que non sempre teñen dispoñibilidade. Para estos nenos contamos coa axuda dos servizos sociais do concello que lle achegan materiais complementarios; libros, fichas ou material funxible.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p><b>Materiais e recursos</b>: Os materiais empregados son os libros de texto, fotocopias e recursos de internet( vídeos, tutoriais a través de diferentes páxinas web, xogos....) cisco webex, whats App, teléfono</p>

### 3. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Para informar e estar en contacto co alumnado e coas súas familias empregamos :</p> <p>O teléfono, para información individuais; o whatsapp grupal para informar colectivamente; o cisco Webex para videoconferencias, onde facemos actividades colectivas e aclaracións; e por último o correo electrónico para enviarnos as tarefas.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Todas as actividades propostas tanto a nivel de clase coma as de centro se publicitan na páxina web do cole e no facebook do centro.</p>